



## 10 BOAS RAZÓN S PARA A ELECCIÓN DO NOSO CENTRO

**1**

### **UN ENSINO DE CALIDADE**

Un bo proxecto educativo co obxectivo non só de ensinar, senón de educar en valores cívicos, solidarios e de respecto ao medioambiente e a nosas tradicións culturais. PREMIO GALICIA Á EXCELENCIA EDUCATIVA.

**2**

### **CENTRO PLURILINGÜE**

Ensinanzas de Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria.  
Aula de audición e linguaxe, de pedagogía terapéutica e servizo de orientación.

**3**

### **AMPLAS INSTALACIÓN S E ZONAS LÚDICO- DEPORTIVAS**

37.000 m<sup>2</sup> de instalacións: pavillón polideportivo, patio infantil, pistas polideportivas descubertas, parque recreativo e zona lúdico-deportiva de 7.000 m<sup>2</sup>. Con uso separado por etapas educativas.

**4**

### **UN EQUIPO PROFESIONAL COMPETENTE, ESTABLE E COORDINADO**

Realizando cursos de formación ano tras ano en innovación educativa.  
Acompañando e seguindo a evolución dos alumnos e alumnas curso tras curso.

**5**

### **EDUCANDO NO RESPECTO E COIDAD DO MEDIOAMBIENTE**

Proxecto de recuperación e defensa do medio ambiente dende Infantil á ESO.  
PREMIO GALICIA VOZ NATURA.

**6**

### **PROMOCIONANDO A ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE**

Base da educación en valores e para a saúde. O colexio oferta actividades físicas e deportivas extraescolares, organiza competicións internas e participa no programa da Xunta "Deporte en Idade Escolar".

**7**

### **PROFESORADO DE GARDA E CONTROL DE ASISTENCIA DIARIO**

O noso alumnado desde que accede ao centro e ata que sae, no autobús, nas competicións deportivas, etc. está sempre acompañado polo profesorado.

**8**

### **GRAN VARIEDADE DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Informática, xadrez, danza, baloncesto, fútbol, taekwondo, xogos, conversa en inglés, animación á lectura, clases de apoio e reforzo... Dentro do horario de permanencia do alumnado no centro.

**9**

### **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

Comedor escolar con cocina de elaboración propia.  
Transporte escolar con acompañamento gratuíto realizado polo profesorado.  
Servizo de madrugadores desde ás 8 da mañá.

**10**

### **BOA COMUNICACIÓN E RELACIÓN COAS FAMILIAS**

Titorías, web do centro actualizada, plataforma Alexia.



## **OFERTA EDUCATIVA**

- Centro plurilingüe.
- **Ensino concertado: Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria - Gratuidade 100%.**
- Audición e linguaxe / Pedagogía terapéutica.
- Servizo de orientación.
- Taboleiros dixitais e internet en todas as aulas.
- Aula de Informática.
- Plataforma educativa Alexia, Aula Planeta e Workspace for Education.

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

A **ampliación do horario escolar** permite desenvolver as seguintes acción formativas, atendendo ás diferentes etapas educativas e impartidas exclusivamente por profesorado do centro. As actividades desenvólvense dentro da xornada escolar e comezan no mes de outubro.

### **Educación Infantil:**

- Obradoiro de iniciación da lectoescritura.
- Iniciación das habilidades lóxico-matemáticas.
- Actividade física como base de hábitos saudables e da educación en valores.

### **Educación Primaria:**

- Obradoiro de proxectos.
  - **XAQUE-MATES:** desenvolvemento das habilidades lóxico-matemáticas a través do **xadrez** e das **matemáticas**
  - **SPEAK-UP!** : dinámica de conversación en inglés.
  - Animación á lecto-escritura.
  - Actividade física e deporte como base de hábitos saudables e da educación en valores: danza, baloncesto, fútbol, taekwondo, xogos.
  - Informática
  - Custo da oferta de actividades:
    - Educación Primaria: 10 euros /mes a facturar por trimestre.
    - Informática (opcional): 18 euros/ mes.
- Axuda do centro ás familias:** dous ou máis irmáns en actividades, un grauíto.

### **Educación Secundaria:**

- Apoio e reforzo nas áreas instrumentais ( Linguas e Matemáticas)
- Apoio e reforzo en lingua inglesa.

**Ademais, a ANPA oferta outras actividades opcionais a determinar en cada curso lectivo, para as familias que as desexen.**



## **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### **Comedor escolar**

- **Con cociña de elaboración propia.**
- *Profesorado de garda para o coidado e vixilancia do alumnado.*
- **Custo do servizo:**
  - *Infantil e Primaria (luns a xoves): 93 euros/ mes.*
  - *Infantil e Primaria (luns a venres): 103 euros/ mes.*
  - *Secundaria (luns): 37 euros mes.*
  - *Días soltos: 10 €*
  - **Axuda do centro ás familias:**
    - Alumnado de 3 anos: comedor gratuíto.**
    - Dous irmáns no comedor, o de maior nivel paga o 70%.*
    - Tres ou máis irmáns no comedor, gratuíto o de menor nivel educativo.*
- *O alumnado que non utiliza o servizo de comedor habitualmente, pero precisa deste servizo algún día determinado, pode solicitalo na conserxería do centro (teléfono 981820214).*

### **Transporte escolar:**

- *Os alumnado de **Infantil** da zona de Noia, no horario de entrada da mañá, dispón dun segundo servizo de transporte que o centro pon á súa disposición co obxecto de que madruguen menos. A utilización deste autobús non ten custo adicional. As rutas e as paradas fíxanse de acordo coas necesidades dos alumnos e alumnas.*
- *Achégase relación de prezos.*
  - **Axuda ás familias: Alumnado de 3 anos, transporte gratuíto.**
  - Tres ou máis irmáns do centro que utilicen o transporte escolar, un gratuíto.*

### **Servizo de Madrugadores:**

- *Dende as 8:00 ata as 9:00 da mañá poñerase en funcionamento o servizo de **atención a madrugadores**. Ao alumnado daráselle un almorzo consistente nun vaso de leite con ou sen cacao e unhas galletas.*
- *O custe deste servizo será de 35€ mensuais (se son dous irmáns, un paga o 70% e se son tres irmáns, un gratuíto) e de 6€ os días soltos. Lembramos que **non hai servizo de bus escolar**.*

## **INSTALACIÓNS E INFRAESTRUTURAS: 37.000 m<sup>2</sup> de superficie.**

- *Pavillón polideportivo.*
- *Pistas polideportivas descubertas.*
- *Patio infantil.*
- *Parque recreativo de 1.500 m<sup>2</sup>.*
- *Zona lúdico-deportiva de 7.000 m<sup>2</sup>.*



## **INFORMACIÓNS VARIAS**

### **LIBROS E MATERIAL ESCOLAR**

- **Axudas libros e material escolar:** O alumnado de 1º e 2º de Primaria é beneficiario das axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.
- **Fondo solidario libros:** O resto do alumnado de Primaria e Secundaria son beneficiarios do fondo solidario de libros de texto que convoca e regula a Consellería de Educación e de axudas para material escolar.
- **Axudas Concello de Noia:** o Concello de Noia convoca axudas para o comedor, libros de texto e material didáctico para o alumnado que cursa Infantil ou Primaria.
- **Librería Colexio:** os libros de texto facilitáanse aos alumnos e alumnas a través da librería do colexio. No momento de entrega dos libros, para evitar posteriores devolucíons, os alumnos deben saber con exactitude que libros deben retirar. Con motivo de facilitar ás familias o pagamento, o cobro dos libros realízase a través da entidade bancaria onde domicilien os recibos, **podendo fraccionar os pagos en un, dous tres ou incluso catro prazos**. Con anterioridade comunícase a relación de prezos. Ao alumnado beneficiario das axudas (vales) da Consellería de Educación descóntaselles o importe que corresponda.

### **UNIFORMES**

O centro dispón de uniforme deportivo, que é de uso obrigatorio en educación física, actividade física e deporte, competicións deportivas, excursións, etc. Todos os alumnos e alumnas que participen en competicións deportivas teñen que utilizar o chándal, a camiseta e o pantalón bermudas. A comercialización dos uniformes corre a cargo de “**LolitaKids**” nas tendas de Noia e Boiro ou en [www.lolitamoda.com](http://www.lolitamoda.com). Así mesmo, é obrigatorio o uso dunha prenda exterior de cor azul mariña para as saídas escolares e excursións.

### **PLATAFORMAS DIXITAIS**

- **ALEXIA:** As familias dispoñen da páxina web do centro [www.colexiojaimebalmes.com](http://www.colexiojaimebalmes.com) e da plataforma dixital “**Alexia**” que lles proporciona información directa do absentismo, do desenvolvemento académico dos seus fillos e fillas, da comunicación cos titores e titoras e da xestión telemática de todos os trámites relacionados coa educación. O custe desta plataforma é de 2 € ao mes (pago trimestral).
- **WORKSPACE FOR EDUCATION:** a partir de 3º de Primaria. Gratuíto.

### **PROFESORADO DE GARDA**

O centro dispón de profesorado de garda para que o alumnado estea debidamente vixiado e controlado desde que chegan ao colexio; non permanecen sós en ningún momento nas dependencias do centro.



### HORARIO ESCOLAR INFANTIL

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:00- 09:00	Madrugadores	Madrugadores	Madrugadores	Madrugadores	Madrugadores
09:00 - 09:45	Gardería	Gardería	Gardería	Gardería	Gardería
09:45 - 11:20	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
11:20 - 11:45	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
11:45 - 12:45	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
12:45 - 13:15	Act. Extraescolar	Act. Extraescolar	Act. Extraescolar	Act. Extraescolar	Clase 12:45-14:00
13:15 - 15:30	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor 14:00-14:40
15:30 - 17:15	Clase	Clase	Clase	Clase	
Horas lectivas: 25		Horas actividades extraescolares: 4		Total: 29	

### HORARIO ESCOLAR PRIMARIA

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:00- 09:15	Madrugadores	Madrugadores	Madrugadores	Madrugadores	Madrugadores
09:15 - 10:05	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
10:05 - 10:55	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
10:55 - 11:20	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
11:20 - 12:10	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
12:10 - 12:50	Act. Extraescolar	Act. Extraescolar	Act. Extraescolar	Act. Extraescolar	Clase 12:10-13:05
12:50 - 13:30	Act. Extraescolar	Act. Extraescolar	Act. Extraescolar	Act. Extraescolar	Clase 13:05-14:00
13:30 - 15:30	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor 14:00-14:40
15:30 - 16:25	Clase	Clase	Clase	Clase	
16:25 - 17:15	Clase	Clase	Clase	Clase	
Horas lectivas: 25		Horas actividades extraescolares: 8		Total: 33	

### HORARIO ESCOLAR SECUNDARIA

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:15 -10:05	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
10:05 - 10:55	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
10:55 - 11:45	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
11:45 - 12:10	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:10 - 13:00	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
13:00 - 13:50	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
13:50 - 14:40	Clase	Clase	Clase	Clase	Clase
16:10 - 17:00	Clase	Reforzo 15:40-16:30		Reforzo 15:40-16:30	
17:00 - 17:50	Clase	Reforzo 16:30-17:15		Reforzo 16:30-17:15	
Horas lectivas: 32		Horas reforzo: 4		Total: 36	



## PREZOS TRANSPORTE ESCOLAR

<b>EMPRESA</b>	<b>LUGAR</b>	<b>EUROS / MES (IVE 10% incluído)</b>
<b>Autos Comparado</b>	Noia	47,00
<b>Autos Ferrín</b>	Noia	47,00
	Noia: Agrelo - Ponte Nafonso	59,00
	Noia: Boa	61,00
	Outes	61,00
	Outes: Cruceiro de Roo - Freixo	68,00
	Muros: Esteiro	73,00
	Porto do Son	81,00
	Porto do Son: Miñortos	70,00
	Porto do Son: Portosín	70,00
	Porto do Son: Nebra	79,00
	Porto do Son: Queiruga	86,00
	A Pobra - Boiro - Rianxo - Dodro	95,00

**AUTOS FERRÍN** (Teléfonos: Móbil 620885831 - Estación 981822809 - Oficina 981873643)

**AUTOS COMPARADO** (Teléfonos: Oficinas 981820938 - Estación 981824774 - Móbil 630877424)